

## NOTA DE PRENSA

Baixo o lema *Este Verán Salva Vidas. Comparte Saúde. Doa Sangue*

O Concello de **Ponteceso** e o Centro de Transfusión de Galicia impulsan a participación dos veciños e veciñas na doazón de sangue

**Ponteceso, luns 27 de xullo do 2009.-**

O Concello de **Ponteceso** e o Centro de Transfusión de Galicia ( CTG ), impulsan unha iniciativa que ten como obxectivo promover a participación dos veciños e veciñas nas campañas de doazón de sangue, e deste xeito garantir o correcto desenvolvemento do labor asistencial nos centros sanitarios galegos, que van a precisar ó redor de 40.000 doazóns de sangue nos meses de verán para cubrir todas as necesidades.

As persoas que desexen participar poden acudir á unidade móbil do CTG a :

### CORME

#### **MERCORES 29 DE XULLO**

Unidade móbil na Praza da Ribeira  
De 10.30 ás 20.00 horas.

### PONTECESO

#### **XOVES, 30 DE XULLO**

Unidade móbil na Praza do Relleno  
De 10.00 ás 14.00 e 16.00 ás 21.00 horas.

Mediante esta iniciativa, que se está a desenvolver este verán en máis de 200 Concellos, preténdese mellorar a información sobre este acto altruísta. Nas xornadas previas á visita da unidade móbil do CTG, o Concello de **Ponteceso** remitirá os seus veciños e veciñas unha **carta informativa**, na que se fará un chamamento a súa participación.

O Concello de **Ponteceso** e o CTG amosan o seu agradecemento a tódolos veciños que participan cada ano nas campañas de doazón de sangue e permiten deste xeito que moitos enfermos recuperen a súa saúde. O pasado ano 2008 houbo 331 doazóns no noso Concello, o que nos permitiu superar o índice de doazón de sangue recomendado pola Organización Mundial da Saúde. O noso obxectivo é manter este nivel de participación para que o noso Concello sexa un dos máis solidarios de Galicia.

SAÚDOS.

**D. José Luis Fondo Aguiar. Alcalde do Ponteceso**